



DONA IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI.

CERTIFICA: Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- REQUIRIMENTO Ó LICITADOR QUE PRESENTOU PROPOSTA MÁIS VANTAXOSA PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE DOCENCIA PARA A CONTRATACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL”.

Pola Mesa de Contratación, na sesión de 29 de xullo de 2014, se acorda propoñer á empresa “FORGA – Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Emprego e Formación en Galiza”, CIF G-36.818.367, como adxudicatario do contrato por presentar a proposta máis vantaxosa, que se eleva ao órgano de contratación para requirir ao licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

Toda vez que, por parte da Mesa de Contratación se comproba que a dita empresa xa achegou, xunto coa Documentación administrativa, a documentación relativa á solvencia técnica e económica, so será necesario requirirle a constitución da garantía definitiva.

En base ó exposto anteriormente, e tendo en conta a necesidade de proceder á adxudicación do contrato á maior brevidade, toda vez que a data prevista para o inicio dos ditos cursos é o 1 de agosto, avocando as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, por resolución de 11/07/11, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- REQUIRIR á empresa “FORGA – Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Emprego e Formación en Galiza”, CIF G-36.818.367”, con enderezo a efectos de notificacións en Avenida do Aeroporto, nº 92-1º andar, 36206 - Vigo, como licitador que presentou a proposta máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato do “Servizo de Docencia para a Contratación de accións Formativas de Formación Ocupacional” que, de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, presente a seguinte documentación:

- Garantía Definitiva (5% do orzamento de adxudicación, excluído IVE).

O prazo para presentar a mesma **é de dez días hábiles a contar dende o seguinte da recepción do presente requirimento.”**

E para que así conste, emito a presente orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en Tui, a vinte e nove de xullo de 2014.

O Alcalde- Presidente